

## ACTA

|                         |                          |
|-------------------------|--------------------------|
| <b>Expediente núm.:</b> | <b>Órgano colexiado:</b> |
| PLN/2019/14             | O Pleno                  |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Tipo Convocatoria</b>           | Ordinaria                                |
| <b>Data</b>                        | 5 de setembro de 2019                    |
| <b>Duración</b>                    | Desde as 21:05 ata as 21:48 horas        |
| <b>Lugar</b>                       | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| <b>Presidida por</b>               | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS                 |
| <b>Secretaria</b>                  | SANDRA MARIA GARCIA CHENLO               |

| ASISTENCIA Á SESIÓN |                                 |        |
|---------------------|---------------------------------|--------|
| DNI                 | Nome e Apelidos                 | Asiste |
| ██████████          | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ     |
| ██████████          | ALFONSO FIGUEIRAS REY           | SÍ     |
| ██████████          | AMALIA GOLDAR CORA              | SÍ     |
| ██████████          | AMALIA LAGO DURAN               | SÍ     |
| ██████████          | BELÉN LOUZAO VIEITES            | SÍ     |
| ██████████          | CARMEN GÓMEZ OTERO              | NON    |
| ██████████          | GONZALO LOUZAO DONO             | SÍ     |
| ██████████          | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN     | NON    |
| ██████████          | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS        | SÍ     |
| ██████████          | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR       | SÍ     |
| ██████████          | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA     | SÍ     |
| ██████████          | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON    | SÍ     |
| ██████████          | LUCIA SEOANE ROSENDE            | NON    |
| ██████████          | LUIS LOPEZ BUENO                | SÍ     |

### Concello da Estrada





|   |                                |    |
|---|--------------------------------|----|
| 5 | LUIS RENDO ARAUJO              | SÍ |
|   | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS    | SÍ |
|   | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA      | SÍ |
|   | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
|   | Mª DEL CARMEN DURÁN LEA        | SÍ |
|   | PATRICIA CARRACEDO DURAN       | SÍ |
|   | SUSANA CAMBA CASTRO            | SÍ |
|   | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS   | SÍ |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 21 DE XUÑO DE 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 4 DE XULLO DE 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 4 de xullo de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

##### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 22 DE XULLO DE 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTIM53JNEZD24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 12



Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 22 de xullo de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 1 DE AGOSTO DE 2019**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 1 de agosto de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

INCORPÓRASE A SESIÓN A CONCELLEIRA DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES.

### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** di que é coñecedor de que o grupo do Partido Socialista presentou por rexistro de entrada unha moción de urxencia, polo que lle concede a palabra ao seu voceiro para que xustifique a súa urxencia.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen comeza explicando que se trata dunha moción motivada pola campaña “Emerxencia Feminista” promovida por varias organizacións de mulleres con motivo dunha acción prevista para o vindeiro 20 deste mes en todo o noso país, polo que considera urxente a adopción dos acordos que nesta moción se contemplan ante a proximidade da data de celebración de tal evento, polo que, de esperar á sesión do mes de outubro, xa sería tarde.

Continuando di que a moción trata sobre a lacra da violencia machista en todas as súas formas e os diversos delitos que sofren as mulleres, denunciando a inacción da sociedade ante esta realidade, polo que toda acción en contra desta realidade é pouca; ante isto o seu grupo propón que se adopten os seguintes acordos:

- Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións, como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.
- Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
- Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela.

Intervén o **Sr. Alcalde** para aclarar que procede antes votar a urxencia desta moción, á

### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTIM53JNEZD24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 12



que considera suficientemente xustificada pola proximidade da data de celebración da nomeada acción.

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por unanimidade, procedendo a incorporar fóra da Orde do Día a mesma e iniciar o seu debate e adopción dos correspondentes acordos:

**MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO DO PARTIDO SOCIALISTA PARA O APOIO Á CAMPAÑA “EMERXENCIA FEMINISTA”, PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20/09/2019 EN TODO O PAÍS.**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Pide a palabra a voceira do grupo político municipal de MOVETE, Dna. **Mar Blanco Casais**, para manifestar o seu apoio a esta moción, de feito tiña previsto presentar unha con igual contido. Quere destacar que no mes de xullo foron asasinadas trece mulleres e unha menor, pero tamén hai moitas formas de violencia machista, tales como as violacións e outras tamén graves pero aínda non recoñecidas pola sociedade, polo que é importante que dende as administracións públicas hai que visualizar estas situacións e poñer todos os medios posibles para ir eliminando o machismo.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), Dna. **Susana Camba Castro**, para trasladar a súa conformidade con esta moción, considerando que trátase dun tema que necesita dun debate profundo, de feito o seu grupo traerá ao Pleno un texto en relación a este asunto co fin de facer un debate máis estrutural e non tanto social e educacional; aínda así ve esta moción como un avance e un primeiro paso para eliminar o machismo e erradicar a violencia contra as mulleres.

Toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade e Educación, Dna. **Amalia Goldar Cora**, para dicir que todos os grupos políticos, a pesar das súas diferencias en determinados asuntos, están totalmente de acordo co tema machista, unha lacra social que necesita da posta en marcha de todos os medios ao noso alcance para a súa erradicación. Di que, con respecto a estes temas tan delicados, todos estamos unidos, o que considera primordial, porque é necesario que a sociedade vexa a todos os partidos políticos nunha mesma dirección á hora de loitar contra a violencia á muller, e non só no se que se refire ao asasinatos ou violencia física, senón tamén contra eses pequenos actos (chistes, manifestacións machistas, etc.) que degradan á muller e incitan á violencia contra ela.

Polo manifestado, traslado o apoio do seu grupo a esta moción, comprometéndose a que, dende o Concello, se fará o posible para a execución dos acordos que propón a moción, como xa se ven facendo todos os anos a través de varias accións publicitarias e de apoio e que axudan á sociedade a posicionarse contra esta lacra social.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 04/09/2019 (2019-E-RPLN-9) polo grupo municipal do Partido Socialista, a cal se transcribe literalmente de seguido:

**Concello da Estrada**





*“Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 do 28 de Novembro, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE da Estrada presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición sobre “Apoio á campaña #EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, entre outras, polas organizacións de mulleres: Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, soño de Lilth, Teenses pola igualdade, Foro feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade, e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asasinatos de mulleres e a violencia machista”,*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O verán de 2019, será recordado como un verán negro. Os telexornais énchense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando. O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada.*

*Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. Pais que asasinan aos seu fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos. Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentencias sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que “o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence”.*

*E seguimos, seguimos como si se puidese continuar. Seguimos porque están acostumbrados á nosa xustiza, están acostumbrados á violencia, están acostumbrados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumbrados aos nosos corpos sen vida. Para vos “estas cousas pasan e pasaron sempre”. Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel nun estado democrático.*

*Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.*

*Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. So no mes de xullo 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.*

*Basta de mirar cara outro lado, da falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de a tódalas institucións do noso Estado de Dereito.*

**Por todo o anterior, SOLICITAMOS:**

*Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través do medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:*

*1. Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.*

*2. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.*

*3. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas*

**Concello da Estrada**





das que nos temos dotado para combatela.

*Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias: iso é terrorismo de estado.”*

Visto lo debatido en esta sesión.

### **ACORDAMOS:**

Mostrar o apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organizacións feministas, así como colaborar coas entidades convocantes a través do medios dos que dispón est Concello mediante as seguintes accións:

**1.** Iluminar de violeta a noite do 20 de setembro a fachada do Concello ou a zona onde se realice a concentración convocada polas organizacións, como mostra do compromiso na loita contra a violencia machista, así como prestar o apoio e soporte preciso para a organización da concentración/manifestación e que lle poida ser solicitada polas organizacións convocantes.

**2.** Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contra as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.

**3.** Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **Expediente 2002/2019. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019 E ORZAMENTO MUNICIPAL 2019**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 09/08/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende Intervención e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL), e á Secretaría Xeral do Estado, a través do Portal de Entidades Locais.

Visto o informe emitido pola intervención municipal con data 09/08/2019.

## **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTIM53JNEZD24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 12



Vista a demais documentación, da que se da conta na presenta sesión, e que consta no expediente 2002/2019.

#### **DÁSE CONTA:**

- Comunicación de Rendición da información na OVELL, en tempo e forma, do 2º trimestre 2019 do período medio de pagamento (PMP) e infome de morosidade.
- Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do orzamento do 2º trimestre 2019.
- Comunicación de Rendición da información na OVEELL, en tempo e forma, do “Orzamento Municipal de 2019”.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 31 DE XULLO DE 2019**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e 31 de xullo de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0807 ao número 2019-0902 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE AGOSTO DE 2019**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de agosto de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-0903 ao número 2019-1024 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

#### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para formular os seguintes rogos e preguntas:

- Pregunta cales foron os criterios utilizados para a adxudicación dos parques infantís no rural, xa que hai parroquias que solicitaron estes parques e, sen embargo, non están incluídas no proxecto.
- Traslada a demanda dos veciños de Couso para que a pista que vai da estrada nacional ao lugar de Barco (que entra xusto antes do parador de Couso) sexa arranxada, así como para que se faga unha canalización de pluviais nun acceso tamén dende a nacional, xa que cando chove moito a auga baixa por esa pista causando problemas nas entradas das vivendas, ademais dos danos que causa nese vial.

#### **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTHM53JNEZD24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 12





- Lembra a solicitude feita nunha pasada sesión plenaria para a habilitación dunha zona de aparcamento para persoas con mobilidade reducida á altura dos cines, preguntando se se avanzou algo nese sentido ou se se ten previsto esta actuación nun breve espazo de tempo
- Pregunta se se vai a levar a cabo a infraestrutura prevista polo Partido Popular no Matadoiro municipal e con destino ao sector da mazá ou sidra, ou ben vaise a adicar a unha plantación de moras, xa que a edificación están sendo cuberta totalmente polas silvas
- Traslada a demanda dos veciños da Avenida de Santiago para a reposición do firme no tramo máis abaixo, de Figueroa; tamén pide explicacións sobre uns cortes de auga que ocorreron nestes últimos días, sen aviso previo, nos edificios con números impares desa avenida.
- Lembra que no programa electoral do PP se contemplaba un aumento da frecuencia na recollida de lixo, polo que pregunta para cando se vai a facer efectiva esta promesa.
- Traslada a queixa dos veciños do casco urbano pola insuficiencia na recollida de lixo, xa que en moitos puntos da vila acumúlanse os residuos, tal é o caso na Avda de Santiago á altura de Carrusel Deportivo e na Avenida de de América.
- Lembra que aínda está sen colocar o espello solicitado para Matalobos
- Demanda, novamente, a colocación dunha fonte de auga nos Xardíns municipal, para que os cativos poidan beber.
- Tamén di que a estrutura metálica que sostiña unha das lonas colocadas cando as obras dos Xardíns aínda está sen retirar.
- Pregunta cando e onde se vai a colocar a pérgola retirada da antiga Alameda.
- Pregunta o por que non se está a utilizar a rexistro electrónico como correspondente, ante a demanda dalgúns empresarios de que non lles reciben as súas facturas por este medio, sendo citados para a súa presentación no propio Concello; aproveita para preguntar se se está a cumprir o período medio de pagamento, non admitindo a escusa do grupo de goberno sobre a falta de persoal por causa das vacacións e outras, tal como declarou o Concelleiro Alberto Blanco na emisora de radio local.
- Reitera a demanda do seu grupo de sinalizar a saída da zona de aparcamento da Casas das Letras ante a proximidade do período escolar.
- Pregunta sobre o proxecto de camiños escolares seguros, o cal xa existe noutros concellos e na Estrada é conveniente a súa redacción e posterior implantación.
- Pregunta a causa do incumprimento dos prazos na contratación das Brigadas de Incendios; esperando que cando remate o período de alerta de incendios, Concello faga labores de prevención, xa que considera importante a realización de labores de prevención de incendios durante todo o ano.
- Cuestiona ao grupo de goberno sobre a eliminación da quenda de noite da Policía Local e o por que non había unha previsión efectivas en relación coas baixas por enfermidade e por xubilación dos axentes e, como consecuencia, non se están a manter os servizos.
- Demanda a limpeza dos verquidos existentes ao redor dun santuario existente nunha zona forestal de San Miguel de Castro, sito no camiño da Vía da Prata; ademais di que se deberían manter limpos todos os camiños de peregrinos que levan a Santiago de Compostela e pasan por noso municipio.

Intervén o **Sr. Alcalde-Presidente** para dar contestación ao manifestado por el Sr. López Bueno:

En canto aos parques infantís no rural, di que hoxe celebrouse a mesa de contratación

---

### Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233







para esta contratación, a cal vai dividida en dous lotes, un para o mobiliario e outro para os parques infantís no rural, proxecto que deriva das aportacións feitas no ano 2017 por diferentes Alcaldes de Barriose que trasladaban a necesidade de parques de xogo nas súas parroquias para que os nenos tiveran onde xogar, por tal motivo elaborouse un proxecto no ano 2018 con cargo ao Plan Concellos, iniciándose a súa licitación neste pasado mes de xullo. Con posterioridade á elaboración deste proxecto, presentáronse máis solicitudes, as cales están en lista de espera e, a medida de que se poida e se obteñan fondos, se irán redactando novos proxectos tanto de mobiliario urbano como de parques infantís no rural, valorando que sexan de fácil mantemento, que teñan un uso real e que exista un espazo público ou masa común para a súa instalación.

En relación coas prazas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, informa que hai varias solicitudes, algunhas das cales xa contan co previo informe da Policía Local; di que durante o verán fíxose un primeiro pintado das zonas máis perigosas, como os pasos de peóns no entorno urbano, e agora, nunha segunda actuación, farase o repintado das zonas de carga e descarga, existindo outras que urxen desta acción, para o cal solicitouse informe á Policía Local sobre as deficiencias e necesidades en materia de sinalización horizontal e vertical co fin de acometer unha mellora integral, estando incluídas as zonas de aparcamento para persoas con mobilidade reducida, tantos as existentes como as novas solicitadas.

No relativo á Avenida de Santiago, di que no ano 2013 fíxose un gran esforzo para arranxar ese vial, un investimento de case trescentos mil euros, aínda que é certo que na súa parte baixa, por causa do tránsito e pola calidade do seu firme, deteriórase con facilidade, por esa razón faise un mantemento constante; sen embargo, a día de hoxe, estase a valorar cal sería a mellor opción para solucionar adecuadamente os problemas que sofre, sendo quizá a mellor solución levantar todo o firme e volver a pavimentar de xeito que aguante mellor o peso dos vehículos que pasan por alí.

No que respecta aos cortes de auga nesa Avenida de Santiago, di que o grupo de goberno ten capacidade de xestión pero non capacidade de saber o que vai a pasar no futuro, porque unha rotura de auga non é previsible, así que o único que se pode facer e, unha vez existe esa rotura, é detectar o problema e proceder ao seu arranxo, sendo imposible avisar con tempo do corte de auga. Continúa dicindo que dende que se acometeu o investimento de case oitocentos mil euros para o abastecemento de auga no noso concello, as roturas diminuíron drasticamente.

Sobre o tema de recollida de lixo, lembra o importante investimento que se fixo para a merca dun camión de recollida de lixo e renovación do parque dos contedores, quedando o reto de facer a recollida selectiva e a xestión do punto limpo, estando neste momento traballando na elaboración dos correspondentes pregos e espera que, ao longo deste mes, xa estean redactados e pasarllos ao departamento de Secretaría para que inicie o expediente de contratación.

En canto á recollida de lixo do contedor verde, di que existen bastantes problemas de persoal, xa que non temos persoal vinculado a este servizo, senón que as prazas están cubertas por persoal contrato con cargo ao Plan de Emprego municipal, o que provoca que cada ano se teñan que cambiar os condutores dos camións, sendo esta a causa da deficiencia puntual do servizo, pero, aínda así, a calidade do servizo non é mala, con algún problema puntual causado polo aumento de lixo na época de nadal e da poboación no verán; pero con respecto aos colectores, di que o servizo está completo e ben subministrado, o que hai que facer é saber como se pode mellorar a calidade do servizo e darlle unha estabilidade en materia de persoal.

No que respecta á fonte e á pérgola da Alameda, di que existen tres fontes para colocar nas zonas de xogo, pero non se poden instalar ata que estean rematados estes, polo que tan pronto rematen as instalacións dos parques infantís se procederá á colocación das fontes de auga. No relativo á recolocación da pérgola, aínda non se decidiu en que parte dos Xardíns se vai a colocar, non é unha decisión inmediata e estase a esperar que os Xardíns estean xa rematados para estudar cal sería o espazo adecuado para ela.

En relación ás facturas, di que os empresarios teñen que presentalas a través da plataforma, polo que malamente lle podemos dicir que non as presenten, sendo imposible que por parte do goberno se tome a decisión de que non se tramiten, xa que son presentadas polo

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTHM53JNEZD24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 12



medio electrónico establecido, quedando constancia de todos os datos da súa presentación. Outra cousa é que durante o período estival sumouse ás vacacións dalgúns funcionarios de Intervención ás baixas doutros, o que causou un colapso no departamento e que se traduciu nun atraso no período de pagamento, o cal se viña cumprindo puntualmente ata ese momento, pero ten que aclarar que se está a traballar xa para corrixir este atraso e volver á dinámica habitual.

En canto ás Brigadas de Incendios, foron moitas as causas que provocaron su tardía posta en marcha, en primeiro lugar os Convenios chegaron a mediados do mes de xullo, en segundo lugar detectouse un erro no Convenio a asinar co noso Concello e que se tivo que corrixir por parte da Xunta de Galicia e, en terceiro lugar, producíronse varios problemas para cubrir as prazas, entre elas ás de Xefe de Brigadas, xa que unha vez cubertas despois dos procesos selectivos, os seleccionados renunciaron para cubrir prazas noutros concellos, polo que tivemos que volver a iniciar o procedemento de selección, o cal xa rematou e as Brigadas xa empezaron a funcionar esta semana.

En relación ao servizo da Policía Local, di que o número de efectivos diminúe considerablemente ante a incapacidade municipal que tiñamos de contratar efectivos, aínda que nos últimos anos flexibilizouse, pero para poder contratar un policía local non vale a previsión, senón que hai que esperar á xubilación e despois cubrir novamente esa praza dentro da oferta de emprego público do ano seguinte e esperar a que a Academia Galega de Seguridade saque a oferta pública das prazas, cubrilas cun exame selectivo e esperar os nove meses de formación, polo que estamos a falar de procesos moi lentos. A todo o anterior hai que sumar a nova lei que permite xubilarse aos policía locais con 59 anos. Di que se intentará solucionar ese problema e ver se se pode na oferta pública deste ano sacar tres prazas a maiores da que xa está contemplada. Informa, así mesmo, que o axente que se contratou fai pouco está en período de prácticas e proximamente incorporarse ao servizo, suplíndose, ademais, a falta de axentes (a día de hoxe contamos con once efectivos dos dezaioito existentes en plantilla) con auxiliares contratados para o reforzo na época de verán.

Pide a palabra a voceiro do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, manifestando que espera que para a oferta de emprego público do 2020 sexan incluídas a tres prazas de Policía Local ás que facían mención o Sr. Alcalde, esperando que o acontecido neste mes de agosto quede nunha mera anécdota, xa que o servizo de policía polas noites é moi importante.

Continúa trasladando os seguintes rogos e preguntas:

- Traslada un rogo dos veciños de Outeiro – Codeseda para que se proceda á limpeza dunha fonte, xa que leva máis de vinte e cinco anos en estado de abandono.
- Pide que sexa desbrozada a maleza existente na ruta do “colesterol”, xa que moitos dos usuarios se queixan.
- Solicita que dende o Concello se poñan os medios necesarios para arranxar o muro do CEIP Pérez Viondi actualmente en ruína, porque aínda que está valado para evitar perigos, non considera de recibo que vaia a empezar o curso escolar e estea nese estado lamentable, non aceptando ningún tipo de escusa sobre a inexistencia de cartos para esta obra cando se fixo recentemente a cuantiosa obra da Alameda, recomendándolle ao grupo de goberno que priorice na tomasde decisións.

Resposta o **Sr. Alcalde** que tomará nota das recomendacións feita pola Sra. Mar Blanco.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para formular o seguinte:

- Traslada a solicitude duns veciños para que o Concello inste á Xunta de Galicia para que se proceda á limpeza da estrada PO-214, xa que nela atópanse restos de árbores e que supoñen un perigo para a circulación.
- Informa das queixas dos veciños da rúa Gradín ante os restos que deixou na mesma a empresa encargada do alumado das festas San Paio, consistentes en bridas,

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





- plásticos, etc, que deixan unha imaxe lamentable desta zona, ademais de resultar incómodo para os que alí residen.
- Prega que se proceda á limpeza e desbroce da leira onde se atopaba a antiga depuradora, ao igual que as demais fincas colindantes, polo que deberíase instar aos propietarios destas para que procedan á súa limpeza.
  - Traslada a queixa dos veciños da rúa do Muíño pola falta de paso de peóns neste vial.
  - Solicita, ante as queixas recibidas, o rebaixe da altura do acceso á carballeira da Praza da Feira que conecta coa rúa 25 de Xullo, para que os vehículos non peten nos seus baixos.
  - Pregunta, a petición das veciñas de Lagartóns, en que punto está a rehabilitación do cruceiro de Ouzamerxe, se se está a arranxar ou non, no último caso quere saber onde se atopa o cruceiro, considerando que se trata dun elemento importante do patrimonio e debería estar gardado nun lugar seguro e coas condicións adecuadas, como, por exemplo, no museo.

Á anterior intervención o **Sr. Alcalde** responde que descoñece onde se atopa o cruceiro de Ouzamerxe, pero procurará obter información e trasladarlle na medida en que sexa posible.

Pide a palabra novamente a **Sra. Mar Blanco**, para dicir que os Xefes da Brigada de Incendios renunciaron á prazas por causa de que o noso Concello paga menos que outros limítrofes, polo que suxire que se revisen os salarios previstos para estes postos.

Non habendo máis intervencións polos membros da corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta se algunha persoa do público ten algún rogo ou pregunta, en cumprimento ao disposto no Regulamento de Participación Cidadá, previa presentación do documento nacional de identidade, facilitándolles o micrófono, o cal se lle retirará unha vez remate co rogo ou pregunta formulada.

Pide intervir **D. José Manuel Baños Miranda** [REDACTED] para, en nome da Asociación Veciñal de Paramá, preguntar sobre o tema do camiño que vai de Constenla ao límite de Cuntis.

O **Sr. Alcalde** lle responde que esta pregunta xa a fixo o Sr. Baños en varias sesións plenarias anteriores, dándolle as contestacións oportunas, ademais a través do teléfono e das redes sociais, non habendo nada novo. Reitera que ese proxecto foi incorporado ao Plan de Camiños de Medio Rural (financiado con fondos europeos), para o que se pediu unha subvención de 149.000,00 €, con cargo á que se executaron tres actuacións: o camiño que pasa por Calvelo e Paramá da parroquia de Santo André de Veá, o camiño que vai dende Matalabos a San Xiao de Veá e que pasa polo Polígono de Toedo e o ramal que vai dende esa pista a Vixín, sendo o investimento máis importante o arranxo da primeira (entorno a 100.000,00 €); a día de hoxe esa subvención está concedida e o departamento de Secretaría está a tramitar os Pregos de Cláusula Administrativas e, posiblemente, a semana que ven procederase á súa licitación e, dende que se colga na Plataforma de Contratación, as empresas interesadas contarán cun prazo de 20 días para presentar ás súas ofertas e, posteriormente, efectuarase a adxudicación, a sinatura do contrato, etc, polo que as obras estarían rematadas a finais do mes de outubro.

Pregunta o **Sr. Baños Miranda** se vai a desaparecer ou non a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil da Estrada, en definitiva que vai a pasar con ela.

Resposta o **Sr. Alcalde** que esta Agrupación é unha Asociación que conta cuns estatutos e cunha directiva; na actualidade hai un grupo de voluntarios que están a traballar de maneira





coordinada co Concello, aínda que, dende a profesionalización dos membros de Protección Civil, esta agrupación sufriu unha merma importante, polo que hai que buscar a maneira de dinamizar este grupo.

O **Sr. Baños Miranda** di que, no seu día, falara co Sr. Carlos Failde, o cal lle recollera a documentación para entrar a formar parte da dita Agrupación e, a día de hoxe, aínda non ten resposta.

O **Sr. Alcalde** lle di que se informará sobre ese tema, xa que descoñece este caso.

Informa o **Sr. Baños** sobre o mal estado no que se atopa un contedor de lixo sito na parroquia de Paramá e, a pesares de varias reclamacións, a día de hoxe está sen repoñer un novo ou arranxar o existente.

Lle contesta o **Sr. Alcalde** que solucionará ese problema.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión, sendo as vinte e unha horas corenta e oito minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 693RRTZCLDYQTIM53JNE2D24A | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233